

IDENTIFICACIÓN DE LÍPIDOS: TINCIÓN CON SUDÁN III

Fundamento teórico

Os lípidos son un grupo de biomoléculas orgánicas moi heteroxéneo e con diversas propiedades que cumpren en menor ou maior grado en función do grupo ao que pertencen.

Entre estas propiedades cabe destacar:

- A súa insolubilidade na auga coa que forman emulsións inestables ou transitorias que poden estabilizarse por adición de xabóns.
- A súa solubilidade en disolventes orgánicos.
- A súa tinción selectiva co colorante Sudán III.

Material:

- | | |
|-------------------|-----------------------|
| ■ Tubos de ensaio | ■ Aceite |
| ■ Gradilla | ■ Auga |
| ■ Pipetas | ■ Disolvente orgánico |
| ■ Contagotas | ■ Disolución de xabón |
| | ■ Sudán III |

Procedemento

1. Pipetear nun tubo de ensaio 2 cc de auga (ou tinta vermella) e 2 cc de aceite.
2. Axitar ben e deixar reposar.
3. Pipetear nun tubo de ensaio 2 cc de disolvente orgánico e 2 cc de aceite.
4. Axitar ben e deixar reposar.
5. Pipetear nun tubo de ensaio 2 cc de auga, 2 cc de aceite e 2 cc de disolución de xabón.
6. Axitar ben e deixar reposar.
7. Pipetear nun tubo de ensaio 1 cc de aceite e engadir unhas gotas de Sudán III.
8. Debuxar, anotar e explicar os resultados.

